

A obra de Francisco Fidalgo Villaveirán

XOÁN BABARRO GONZÁLEZ

Catedrático de Lingua e Literatura Galega de Ensino Medio
xoanbabarro@hotmail.com

Recibido: diciembre de 2013. Aceptado: enero de 2014

Resumo: Os escritores galegoasturianos da Xeración de 1936, que ven a súa produción truncada polos condicionantes sociopolíticos e culturais impostos tras da Guerra Civil, desenvolven unha literatura cunha forte presenza de temas locais redactados nas diferentes variantes lingüísticas da zona; ao tempo que manteñen, uns en maior grao que outros, como referente o sistema literario común de Galicia. Neste contexto áchase a obra de Francisco Fidalgo Villaveirán, un autor que realizou incursións, en diferentes épocas, no teatro, na poesía e na narración.

Palabras clave: Literatura galega, Xeración galegoasturiana de 1936, teatro, sainete, Fidalgo Villaveirán, variantes dialectais.

Abstract: The Galician-Asturian writers from the 1936 Generation, that saw their art stifled by the cultural and socio-political circumstances imposed after the civil war, developed a literature with a noticeable presence of local themes that are written within the diverse linguistic variations of the area. At the same time, they maintained as a model (although some to a greater degree than others) common literary system of Galicia. Within this context resides the work of Francisco Fidalgo Villaveirán, an author who throughout different periods of time made incursions into drama, poetry and narrative prose.

Keywords: Galician Literature, 1936 Galician-Asturian Generation, theatre, one-act comedy, Fidalgo Villaveirán, dialectal variations.

1. INTRODUCCIÓN

Un dos trazos que acompaña a literatura galegoasturiana da maior parte do século XX é o de ser transmitida a través da prensa periódica, de programas de festas, de copias mecanografadas ou manuscritas e outros soportes similares. De tal xeito, que, á falta de bos arquivos que recolleran para o futuro todas as publicacións comarcais, ese tipo de difusión vén constituíndo un dos maiores obstáculos para termos unha visión completa dos autores; tanto por apareceren os textos baixo cabeceiras diferentes, como por conservárense semiabandona-

dos en coleccións privadas. Outra característica desta área xeográfica é que, por encontrarse baixo administración asturiana, a recuperación do idioma non evolucionou á par que o resto de Galicia e este feito condicionou profundamente a súa normalización en todos os campos. Ata o punto de que, a oficialidade conseguida nas catro provincias, resulta, neste momento, unha verdadeira utopía contemplala para os dezaoito concellos galegoasturianos. Desta maneira, ao longo do século XX, fronte a autores que asumen, en maior ou menor grao, o sistema literario común, tanto nos temas coma na lingua utilizada, achamos outros que manteñen a variante dialectal familiar unida, na maior parte dos casos, a motivos de carácter costumista. Vacilando entre as dúas posturas encóntanse os escritos que aquí presentamos de Francisco Fidalgo Villaveirán, un autor plenamente encarnado na vida e na cultura das terras mariñas de entre o Navia e o Eo, que viu a súa produción vernácula truncada polos condicionantes socioculturais impostos tras da Guerra Civil.

1.1 Aproximación biobibliográfica

Francisco Fidalgo Villaveirán nace en El Franco, parroquia de Valdepareas, o 16 de novembro de 1913 e falece en Oviedo o día 29 de marzo de 1998. Era fillo de María del Pilar Villaveirán Fernández, natural e veciña de El Franco e de Liborio Fidalgo Blanco, orixinario da vila zamorana de Manganeses de la Polvorosa (*Libro 13 de bautismos* de Valdepareas, folios 45, 46 e 48). Por motivos do traballo da súa nai, Paco irá moi pronto vivir ás Figueiras (Castropol), sen abandonar a estreita relación que o unía aos avós maternos, con quen se criara de pequeno. Nos seus escritos afloran a miúdo os recordos de infancia e xuventude...

Mi niñez va unida a la Iglesia y al atrio, lugar de mis juegos y travesuras, como al subirnos a las acacias en día de lluvia esperando que alguien pasara por debajo para agitar las ramas y cayera sobre el viandante un torrente de agua y creyendo que la lluvia arreciaba tapaba la cabeza con las manos y echaba a correr diciendo en voz alta: «Coño, como chove y tá arreciando». (Do *Pregón de las fiestas de la Virgen del Carmen y del Corpus* de Figueiras de 1995)

Las zanjas abiertas para los cimientos sirvieron a los niños para jugar al que-das y al escondite, Pepe y Julián de Sante, Pepe Carnero y varios más, y recuerdo que por aquellos días yo sufría la enfermedad infantil de las paperas. (De «La Torre-Reloj y las Escuelas. Pequeñas historias de Figueras»)

Don Inocencio Cotarelo, párroco y doctor en Teología que desde 1900 hasta 1927 regentó la parroquia figuerense y en el verano me daba clases de matemáticas y fue el que ofreció la oración fúnebre en 1911 cuando la inauguración en Castropol de la estatua del marino Villamil. Y Martiniano Pérez Sanjurjo, representante de la medicina moderna arrebatado por la muerte en plena juventud, y doña Clementina, la profesora por cuyas clases pasamos varias generaciones. (Do *Pregón de las fiestas de la Virgen del Carmen y del Corpus* de Figueiras de 1995)

A guisa de marco político señalemos que en España gobernaba la monarquía bajo el reinado de D. Alfonso XIII y aún pasarían once meses para la implantación de la República. La política estaba al rojo vivo, mas a los figuerenses nos importaba un pito lo que ocurría en Madrid y sus alrededores. Bastante teníamos con aguantar las órdenes de Castropol y la vigilancia del guardia municipal Parapar, que cumplía las ordenanzas a rajatabla y a las nueve de la noche ningún niño podía andar por la calle bajo pena de un bastonazo y la carrera subsiguiente. Dos carabineros componían la vigilancia del puerto y el cuartel residía en la calle de la Alameda en el edificio que es hoy Bar Andorra. Los niños de la escuela mirábamos el retrato del Rey y era popular la exclamación «¡Coyois ten el Rey!», usando la sinalefa [de] «¡Que oyois ten el Rey!» (perdóneme el lector por el taco). Nos reíamos de lo lindo diciendo y haciendo travesuras. Don Jesús Breña era el Maestro. (De «El domingo de los sopapos en Barres –pequeñas historias–»)

Activo colaborador durante a súa mocidade en diferentes empresas culturais, Paco conta co honor de ser un dos fundadores da biblioteca das Figueiras¹ e de estar presente na creación do xornal figueirense *Atalaya*, que aparece baixo a dirección de Carlos P. Sanjurjo².

Francisco examínase de Maxisterio en Oviedo e cursa estudos de bacharelato no primitivo instituto de Ribadeo, centro onde se seguiu formando cando xa exercía de mestre (recórdese que daquela os estudos de Maxisterio non se axustaban ao modelo actual). Na p.73 do *Libro de Actas de Claustro*, que recolle de 1928 a 1937, acta de 28 de abril de 1934, descubrimos que entre as matrículas gratuítas que se conceden para os exames do mes de xuño figura Francisco Fidalgo Villaveirán con tres (na acta correspondente de 1933 aparece tamén un Francisco Fidalgo con cinco). Igual ca outros alumnos e alumnas deste centro, Paco servíase das lanchas que enlazaban As Figueiras con Ribadeo. Nalgunha

¹ Do seu labor como bibliotecario encontramos varias noticias na prensa da época (*El Aldeano*, n.º 53, 15-XII-1931; n.º 54, 30-XII-1931; n.º 59, 15-III-1932).

² O primeiro número, despois de consideralo como «un buen exponente del alto nivel intelectual alcanzado por la juventud de la villa hermana», era recibido cunha ampla reseña no castropolense *El Aldeano* (n.º 88, 31-I-1933): «No es cosa de hacer comparaciones, odiosas siempre, pero, no obstante, diremos que lo que más nos ha interesado de ese primer número fue el cuento infantil «El zapatito de plata», recogido por «un insipiente», que esperamos continúe esa labor en números sucesivos, pues tiene para ello pluma y sensibilidad adecuadas. Unos «Apuntos sobre Beethoven» firmados por *Don Juan de Carillana*, demuestran un buen conocimiento de la vida del gran músico, están muy bien escritos y se leen con agrado. «Siluetas» y «Run-Run», dos se[c]ciones de anécdotas locales, tendrán numerosos y asiduos lectores, y no sólo en Figueras, pues la popular figura que aparece retratada en la primera es tan popular aquí como en la vecina villa. Informaciones abundantes de Castropol, Las Campas, Tol, Navia y Figueras, y un artículo humorístico de Barres, dan fe de que ha de ser realidad lo prometido a este respecto en el «Preámbulo» firmado por «La Redacción», muy interesante, así como los «Arpegios» del conocido poeta Amador F. Mejeras. Tenemos la seguridad de que «Atalaya» obtendrá en Figueras y en otros puntos el apoyo que merece, y que en consecuencia, tenga una larga y fecunda existencia».

ocasión, o instituto chegou a solicitar xornada intensiva para que os alumnos que asistían ás clases por oficial non tivesen que cruzar a ría de noite³.

Comeza exercendo a docencia como interino na escola nacional mixta de Mántaras, no concello de Tapia de Casarego, na que permanece desde 2-IV-1933 ata 11-XI-1934. A continuación, como «cursillista» de 1933, é nomeado mestre da escola nacional de Boal con data de 12-XI-1934, destino que mantén ata 31-X-1943⁴. Despois, por un concurso de traslados, obtén praza na de nenos de Pazos, na parroquia de Iria (Padrón), onde exerce desde 17-I-1944 ata 31-XII-1945. Superadas as oposicións convocadas por unha orde ministerial de 5-III-1945 para cubrir vacantes de direccións de graduadas anexas ás escolas de Maxisterio, toma posesión como director da de Lugo o 3-I-1946, onde se mantén ata o 31-VIII-1950. Este cargo levaba implícito ser profesor de Prácticas da Normal, materia que el impartiu aos futuros mestres e que sintetizou no libríño *Prácticas de Enseñanza. Orientaciones*, publicado na capital lucense en 1950. Por unha orde ministerial de 3-V-1950 é nomeado director provisional da anexa de Oviedo, da que toma posesión en 1-IX-1950, e en 1967 accede ao Corpo de Directores Escolares de EGB. Permanece como director da citada escola anexa ata a data da súa xubilación, o 16 de novembro de 1982. Ao tempo que exerce como mestre, realiza a maior parte da carreira de Dereito na universidade de Santiago de Compostela e remata na de Oviedo, na que acabaría impartindo docencia de Historia do Dereito. Nesta cidade montou un bufete onde consultou e recibiu encargos relacionados coa súa función de letrado e tamén actuou como perito calígrafo.

Cando desempeñaba un destino militar en Intendencia en Lugo, en tempos da Guerra Civil, coñece a ovetense María Josefa Díaz-Vingolea Fernández, quen se trasladara con parte da familia á capital lucense para fuxir da zona de tensión centroasturiana. Casan en 1939 e desa unión nacen seis fillos. María Josefa, coa madre de Oviedo e o padre de Lugo, obtivo o título de Maxisterio, pero exerceu a profesión moi ocasionalmente. Unha vez falecida esta, Francisco acabará contraendo segundas nupcias con Atilana Leandra Milagros García Sánchez, natural das Figueiras.

Moi amante do fútbol, durante a súa xuventude participou como xogador en varios campionatos do occidente asturiano⁵, unha área xeográfica da que estivo prendado e preocupado polos seus problemas, como ben declara nunha entrevista no n.º 25 d' *El Faro de Tapia* (7-I-1958). Francisco é herdeiro cultural da que el chamou «fulgurante década literaria del Eo» dos anos vinte (Fidalgo 1990) e do activismo desenvolvido arredor das Misións Pedagóxicas e da Biblioteca Popular Circulante de Castropol, institución que desempeñou un intenso labor nos campos musical e teatral (Suárez 2006b: 70-75). O noso autor

³ O descubrimento das actas e o poder consultarlas débémollos ao profesor Suso Fernández Acevedo.

⁴ Dos seus desprazamentos é doado atopar noticias na prensa local (*El Aldeano*, n.º 91, 15-VII-1933; *Las Riberas del Eo*, n.º 3040, 9-IX-1933; n.º 3093, 15-IX-1934; n.º 3106, 8-XII-1934).

⁵ Na prensa comarcal encontramos referencias ao seu xogo (*Las Riberas del Eo*, n.º 3090, 25-V-1934).

coñecía a tradición escrita da comarca e tamén a oral, da que foi un continuo observador. Como escritor, forma parte da xeración galegoasturiana de 1936 (Babarro 2007: 107-132), onde tamén figuran Alejandro Ramón Sela García (Vilavedelle, 1911 – Navia, 1982), Amador Fernández Mejeiras (Ribadeo 1913–1971) e Ovidio Martínez Álvarez «Ovidio de Queipo» (Boal, 1915–1945). Trátase de autores nados na segunda década do século XX, moi activos na súa xuventude en actividades de carácter cultural, que ven a súa produción condicionada pola guerra e a situación política imposta pola Ditadura. O considerárense asturianos non impide que sintan os lazos lingüísticos e culturais que os unen con Galicia, un sentimento que se manifesta a través das relacións que manteñen con diferentes escritores e tamén intentando integrar as respectivas falas no galego literario da época⁶.

Ademais das incontables intervencións en eventos relacionados co maxisterio, como cursiños, homenaxes e actos oficiais diversos, Fidalgo é autor de múltiples traballos escritos e disertacións, dos que tan só enumeraremos unha mostra...

1936. «Un día cualquiera en Castropol. Inocentada» (Babarro 2007: 128-130).

1945. En *Las Riberas del Eo*, n.º 3631 (14-II), publica «El amor a la Patria»; onde destaca a vivencia da noitevella compostelá e a señardade pola terra asturiana.

1945. En *Las Riberas del Eo*, n.º 3652 (14-VII), «Santiago: Fin de curso»; no que encontramos un retrato da Compostela dos anos corenta.

1945. En *Las Riberas del Eo*, n.º 3657 (18-VIII), «Tierras de Padrón.- Herbón, San Antonio y su convento», un artigo onde salienta a descrición da romaría.

1948. En *Las Riberas del Eo*, n.º 3820 (5-X), escribe sobre a personalidade de «Gustavo Freire», con motivo do seu falecemento. Coidamos que tamén é da súa autoría o artigo da portada asinado por F. F. V., baixo o título «Del Eo, para el Miño. San Froilán», con motivo das festas lucenses.

1950. Publica en Lugo, na Tipografía de «La Voz de la Verdad», o libriño *Prácticas de Enseñanza. Orientaciones*.

1950. Versión mecanografada do poema «Nana pra dormir a os nenos».

1951. En marzo é premiado no concurso convocado pola biblioteca «Miguel G. Teijeiro» das Figueiras co tema *Biografía literaria de D. Miguel G. Teijeiro*, presentado con José P. Castro baixo o lema «Pueblo que honra a sus hijos, hónrase a sí mismo»⁷.

⁶ O seu posicionamento vén sendo unha manifestación do que certas veces se plasma como sentir colectivo: «En geografía, folklore, idioma, etc., etc., poco o nada nos diferenciamos de Galicia los asturianos occidentales, como poco o nada se diferencian de la Cantabria los asturianos orientales» («Desintegración», *El Aldeano*, n.º 89, 15-VI-1933).

⁷ Outorgado por unanimidade do xurado, o premio, de acordo coas bases, consistiu en 250 pesetas en metálico, «donado por la Junta de la Biblioteca», e un lote de libros polo mesmo valor, adxudicado polo Centro Coordinador de Bibliotecas de Asturias. Miguel García Teijeiro (Barres,

1951. En *Las Riberas del Eo*, n.º 3962 (23-VI), escribe sobre a personalidade de «D. Fermín Bouza Brey» e reproduce algunhas das súas afirmacións en relación coas terras eonaviegas.

1954. En *Las Riberas del Eo*, n.º 5033 (2-X), «Divulgaciones. Arrendamientos rústicos según la Ley de 15 de julio de 1954».

1957. En *Las Riberas del Eo* de 28 de decembro, «De Figueras: haciendo historia. Inauguración de la torre del reloj y las Escuelas», onde recorda promotores, mecenas, obreiros e anécdotas relacionadas coa torre e coas escolas.

1958. En febreiro participa nun ciclo de conferencias organizado por Educación y Descanso no Hogar del Productor de Tapia de Casariego cos temas «la quinta provincia gallega y costumbres asturianas». O da quinta provincia no Occidente de Asturias abórdao tamén nunha entrevista que lle fan no n.º 25 d' *El Faro de Tapia* (7-I-1958).

1984. No n.º 5 d' *El Mentidero* de Tapia, p. 15, publica «Pequeñas historias de Barres», onde lembra unhas coplas que se cantaron polo tempo do Entroido, que recordaban a viaxe que realizaran á Roda as mozas da localidade, para ir ver un famoso predicador que actuara en Barres durante a Semana Santa de 1927.

1986. No n.º 15 d' *El Mentidero* de Tapia, p. 9, no espazo «A nosa fala. A fala d'aquí», publica unha serie de ditos e refráns, que continúa no n.º 16, p. 9.

No n.º 16, p. 11, escribe sobre «El habla de Occidente». O autor lamenta o retroceso da «habla vernácula de occidente» e, «para ver si me entienden los jóvenes que me leen», remata o artigo redactando un pequeno texto na devandita fala...

Os veyos escrequeñados caron al sol y apeteirados xunto a figueira, algus fumaban y outros rilaban pan remolicado, esbatuxado nel prebe y na leite toyida que cheiraba a fermento y reloucaban de medo vindo a os rapacíos emporondados nua parede estarabouzando con berridos que esmendreyaba.

1987. No programa *Figueras 87. Fiestas en honor de Ntra. Sra. del Carmen*, «Pequeñas historias dos mariñeiros del Eo»⁸ e «El domingo de los sopapos en Barres –Pequeñas historias–».

1987. No programa das festas de Piñeira (Castropol) *Fiestas de San Bartolo 1987*, «San Bartolo de Piñera. A Festa das Peras y outras historias». O autor fala, en castelán, da chamada «Festa das peras urracas» e da súa relación coa romaría do santo para pasar na segunda parte a unha narración popular, «escrita na fala de aquí», sobre o personaxe de Antonón e San Bartolo, que é o fragmento que escolmaremos⁹.

Castropol, 1867-1936), membro da Real Academia Galega, da Academia da Historia e da Comisión de Monumentos de Lugo, levou a cabo diferentes investigacións de carácter arqueolóxico e histórico en Galicia e Asturias.

⁸ Co título «Pequeñas hestorias dos mariñeiros del Eo» aparece en 1997 no n.º 4 de *Entrambasaguas. A revista del Navia-Eo* da Academia de la Llingua Asturiana.

⁹ Conservamos tamén un autógrafo, sen data, onde Fidalgo recolle crenzas relacionadas co santo.

1987. No programa *Ribadeo en Fiestas 1987*, «Ribadeo y Camilo José Cela», recorda a estancia na vila, en 1952, de Cela, ao que Fidalgo consideraba amigo, que logo se verá reflectida en *Del Miño al Bidasoa*.

1988. No programa *Festas da Patrona 88*, «Un ayer y un hoy: El Puente de la Valiña-Porto y el de los Santos», recorda especialmente a inauguración do primeiro o 14 de agosto de 1863.

1988. En xullo, no programa das *Fiestas Patronales de Santiago Apóstol de Boal* edita «Nana pra dormir os nenos», «Pequeñas historias de Boal: retablo dieciochesco. Linajes e hidalgos» e «Las adivinanzas del occidente asturiano»¹⁰.

1988. No programa das festas de Piñeira (Castropol), «El juego de brisca original de Antonón y outras cousas»¹¹.

1988. No programa de festas das Figueiras (Castropol), «Pequeñas historias del Eo». Este mesmo texto reproducíase no *San Miguel 97* da Caridá baixo o título «Pequeñas historias del Eo na fala del pueblo».

1990. No programa *Barres/90. Fiestas Patronales San Pedro Ecce Homo*, «Origen de la lápida encontrada en la iglesia de Barres», «María Pastora. Pequeñas historias de Barres», «El Cuadro Artístico de Barres. Pequeñas historias» e «La rondalla y el teatro en Barres. Pequeñas historias».

1990. No programa *Ribadeo. Festas da Patrona*, «La fulgurante década literaria del Eo». O autor recorda a época de entre 1920 e 1930 e detense, especialmente, en tres obras: *Recelo*, do figueirense José Fernández Arias; *Ribanova*, do ribadense Leopoldo Calvo Sotelo, e *María, poema del Eo*, do castropolense Pedro G. Arias.

1991. A través dunha carta (20-II-1991) comunicábame que estaba «preparando una H.^a de Figueras durante el siglo 20». Esta obrinha, que non chegou a editarse, está actualmente en poder dunha das súas fillas. Noutra misiva (sen data) da mesma época tamén me informaba de que estaba «terminando un fascículo sobre ‘la fala de Figueiras’ recogiendo el vocabulario de esa zona que es numeroso y mucho perdido por no usarlo». Era constante a súa preocupación por elaborar un diccionario e, relacionado con el, conservamos varias notas léxicas, ademais das voces publicadas no libro de festas das Figueiras de 1997, en «Así falamos» de sites.google.com/site/pelamio.

1995. *Pregón de las fiestas de la Virgen del Carmen y del Corpus*, «Figueras, 9 de agosto de 1995». O autor lembra personaxes, costumes e anécdotas no vivir diario das Figueiras da súa nenez e xuventude.

¹⁰ Anota tamén que «pronto aparecerá un folleto titulado *La guerra incivil de 1936 en Boal*».

¹¹ Aparece baixo o título «A brisca d' Antonón y outras cousas» en 1998 no n.º 8 de *Entrambasaguas. A revista del Navia-Eo* da Academia de la Llingua Asturiana. O texto orixinal pode verse tamén en Babarro 2003 II: 267-270.

1997. En abril participa en Oviedo nas I Jornadas Boalesas en el Centro Asturiano, organizadas en colaboración co Club Prensa Asturiana, coa conferencia «Boal, recuerdos y añoranzas»¹².

1997. En *Banda Municipal de Ribadeo. 5 aniversario 1992-1997*, pp. 59-60, editado pola Asociación «Amadores da Música», colabora con «Amadores...», onde recorda anécdotas e personaxes, dos dous lados da ría, relacionados coa música.

1.2 Poesía

Unicamente lle coñecemos «Nana pra dormir os nenos», publicada en 1988 no programa *Fiestas Patronales de Santiago Apóstol de Boal*. O texto arranca dunha versión máis antiga que chegou a nós a través dunha copia a máquina, de 1950, asinada polo autor. O poeta parte dunha seguidilla popular, en castelán, para desenvolver unha glosa antitética, na que a oposición semántica se ve reforzada polo cambio de idioma e pola propia métrica, con estrofas de catro versos hexasílabos con rima asonante nos pares. Unha isometría que se rompe na estrofa cuarta (*Mais, si te durmes*) e na antepenúltima (*Tou padre durme a cachos, / túa madre fai que durme*). Esta antinana, inquietante, que nos recorda a «Canzón pra que un neno non durma» de Luís Pimentel (1981: 92), remata ao final cunha mensaxe de sosego.

O autor trata de acomodar o texto primitivo ás variantes fonéticas boalesas con formas como *tollo*, *lleven*, *llume*, etc. Ao lado destas, outras características que resaltan son o emprego vacilante das graffías «ll» e «y» en palabras que presentaban no latín os grupos LJ, C'L ou G'L (*carballo*, *palleiro / oyo*s, *teyado*, *paya*), o uso de formas de plural como *neníos*, o artigo *el*, o posesivo *tou* e a copulativa *y* en posición preconsonántica. Estes trazos circunscriben o texto ao sistema lingüístico propio da área dialectal B, que comprende varios concellos asturianos e o lucense de Negueira de Muñiz (Babarro 2003: 531), circunstancia que non impide que o autor faga algunha concesión a formas máis occidentais, como é o caso de *canto*. Por outro lado, chaman a atención castellanismos como *engañar*, *hadas*, *lluvias*, *buenos...*, que, sen dúbida, debemos atribuír, igual que certas variantes coloquiais, á ausencia dunha normativa escrita que actuara como referente.

1.3 Narrativa

O conxunto está constituído por textos entroncados coa narrativa popular comarcal que desenvolven anécdotas e tradicións cunha base de humor e que teñen como protagonistas personaxes temporalmente próximos ou recollidos da

¹² Idoya Rozón informaba en *La Nueva España* de 12 de abril, que «Villaveirán, con un acento máis gallego que asturiano, entretuvo al público asistente al acto con sus recuerdos sobre Boal, que arrancan en 1933».

transmisión oral. «Pequeñas historias dos mariñeiros del Eo» e «Pequeñas historias del Eo» manteñen As Figueiras como lugar referencial; mentres que [«Chamábane Antonón»] (segunda parte de «San Bartolo de Piñeira. A Festa das Peras y outras historias») e «El juego de brisca original de Antonón i outras cousas», ten como lugar a Piñeira de Castropol. O termo *pequeñas historias* acabou sendo utilizado por Fidalgo para establecer unha fórmula literaria que lle permitía rememorar periodicamente os recordos de xuventude. Debido ao seu interese, pola intencionalidade literaria do autor, aínda que relatada en castelán, quixemos editar no mesmo grupo «A noite da garfella», localizada en terras de Boal, da que dispoñemos dunha copia impresa, sen ano nin lugar de edición, que seguramente foi tirada dunha obra colectiva. Sabemos por María Antonia Fidalgo que o seu padre participara con esta narración nun concurso literario. Pola dedicatoria que o autor introduce na cabeceira, quizais debamos pensar que a primeira versión remonta á súa etapa boalesa; xa que logo, sería de arredor de 1940.

En canto á lingua utilizada, moi deturpada por mor do castelán, o autor pónse escribir «na fala de aquí», que vén sendo a que consideramos como subárea dialectal B1, dado que non existe palatalización en voces como *elos*, *lougo*, *toleiría*, etc. Tamén poderíamos considerar baixo a mesma intencionalidade a grafía «y» en palabras como *veya*, *oyo*, *moyaba*, *coyer*, *meyor*, *tayolo*, *apareyouye*, etc. Outros fenómenos que se corresponden con esta zona dialectal son o mantemento do –L– intervocálico en palabras como *calentes*, *delante...*; o artigo *el* (coas contraccións *al*, *del...*); o numeral ou indefinido *úa* (con *algúa*, *ningúa...*); os imperfectos *vía* «viña», *tía* «tiña»..., e os perfectos fortes como *trouxiche*. Xa con maior extensión xeográfica, por caracterizaren as falas galegas orientais, están os plurais do tipo *diversiois* e as formas verbais *fais*, *fain* e *tein*. Por outra banda, o intento de reproducir a coloquialidade e a falta de hábito no uso dun sistema escrito unificado favorece o emprego de abundantes alternancias: *us~úos*, *mau~mao*, *-eu~eo* e *-iu~ío* (*atreveu*, *meteulo*, *viu*, *oú / debo*, *recíbíolo*, *vío*, *ouílo~oío*, *vivío...*), *e~y*, *nun sei~non sei*, *pra~pa*, *pos~pois*, *quando~cando*, etc. Aos condicionantes anteriores habería que engadir a presenza do castelán no medio social en que se desenvolvía o autor así como na súa comunicación escrita habitual, que abrirá a porta a unha reza de castelanismos: *a la funerala*, *a los viaxeiros*, *a sangue*, *ágil*, *aunque*, *ayer*, *bueno*, *carcajadas*, *Cielo*, *corriente*, *cosa*, *creínla*, *cuchillo*, *cucliyas*, *cuenta*, *diecisiete*, *descuajaringado*, *dos* (~dous), *encontrarla*, *hazaña*, *Infierno*, *juerga*, *juez*, *jugar*, *la mar de*, *manera*, *mientras* (~mentras), *ocho*, *oyentes*, *pañuelo*, *prisa*, *pruebas*, *replicó*, *sacudirlos*, *sollozos*, *su* (~súa), *tener*, *una* (~úa), *veían* (~vían), *vino*, *xuego*, etc.

Tato Fontaiña (2006: 105) mantén que o teatro galego do século XIX e precedentes formaba parte da tradición oral popular e «tiña como fin último ou ben divertir ou ben adoutrinar» e que «a intención dos seus autores non era en absoluto a de facer literatura e moito menos a de que as súas pezas ultrapasaran o tempo da función para a que foran escritas». Algo similar debemos pensar para moitos destes escritos ocasionais de autores galegoasturianos, que, aínda sentíndose transmisores da cultura local, non sempre eran conscientes de estar elabo-

rando unha lingua literaria, que debería mirar ás esencias e evitar deturpacións causadas pola lingua de máis prestixio.

1.4 Teatro

Así como a poesía e as narracións de Fidalgo foron citadas e mesmo alcanzaron certa difusión (Babarro 2003, Vol. II: 267-271 e 2007: 126-132, Fernández Acevedo 2008: 76-77, Frías 2003: 49 e Suárez 2006a: 116-118), o que ten permanecido máis no esquecemento é a súa musa dramática, non só no que toca á difusión escrita, senón tamén á dimensión escénica. Contemplado desde As Figueiras, o seu teatro recolle, por dicilo dalgún xeito, o facho de Arias Campoamor, quen estreara na localidade castropolense, a noite de Reis de 1926, o esbozo de comedia en dous actos *El trato*. Ao mesmo tempo, é continuador da actividade teatral desenvolvida polos animadores da Biblioteca Popular Circulante (Suárez 2009), coa que coidamos garda unha estreita relación. Moita máis da que podería manter con *Cousas d'outro tempo. Condo el cariño é de verdá*, creada e representada en 1936 pola Agrupación Artística de Armal, que coincide coa etapa boalesa de Paco.

Son varios os elementos que nos falan do compromiso do autor coa cultura escénica. Así, o dez de maio de 1934 encontrámolo de apuntador no «Teatro de Figueiras» co «Cuadro Artístico Atalaya» nas comedias *Ramo de locura* de Joaquín e Serafín Álvarez Quintero e *Parada y fonda* de Vital Aza. Sabiamos, ademais, do seu gusto polas marionetas e de que fomentou este elemento lúdico no seo familiar para a educación dos propios fillos. Tamén tiñamos noticia de que, ao tempo que desempeñaba a función docente foron varias as escenificacións organizadas por el. A isto habería que sumar que nos seus escritos figuran abundantes datos sobre o mundo teatral, coma o que nos informa do Cuadro Artístico de Barres ou aqueloutro («Amadores...») que nos descobre que en 1935 actuou de cronista para *La Comarca* de Ribadeo informando sobre a escenificación dunha zarzuela por mozos e mozas ribadenses no Teatro Helenias de Boal.

Como xa apuntamos en 2007, un folio mecanografado referido a unha foto, que se conservou entre os seus documentos, informa que en 1941 un grupo de alumnos da escola graduada de Boal, localidade coa que continuou mantendo lazos afectivos ao longo dos anos e colaborando nos seus programas de festas, representara unha peza súa. Nese escrito menciónase como «juguete cómico» e dáselle o título de *Las dos riquezas*. Orlando Fernández, un dos nenos actores, lembra, en 2012, que se trataba dunha escenificación de «ricos» e «pobres». Nela aparecía a figura do «Americano» contrastada con tipos do país, un contraste que se aprecia tamén a través da caracterización dos actores que figuran na referida foto. Este xoguete cómico, como actividade dentro da escola de nenos, unicamente contaba con personaxes masculinos, que desempeñaban o papel de pais, fillos, veciños, etc. O autor conservou tamén outra foto, dun grupo formado por mestras e autoridades, cunha anotación no reverso que a data en 1942 e que aclara que foi «sacada el 23 de Abril con motivo de la fiesta del libro celebrada en la Graduada en donde se puso en escena un sainete de mi creación». Non sabemos se se trata do título mencionado do ano anterior ou se é

unha peza diferente. Cabe incluso a posibilidade de que unha das datas estea equivocada e se refiran as dúas á mesma escenificación.

En datas máis próximas, Everardo Fernández (2008: 166-167) reproduce tres páxinas dunha obriña que lle regalara Fidalgo, da cal me fai chegar unha copia completa; copia que difundimos entre familiares e coñecidos para celebrar o centenario do nacemento do autor. Do texto, que é o que aquí ofrecemos de novo, non coñecemos o título, xa que o caderniño mecanografado carece, actualmente, de cabeceira. Trátase dun sainete de trama sinxela. Juanita (~Juan, Xuana), moza de Antón, empuxada polos consellos de Pepa, súa nai, déixase engaiolar nos afagos e as aparentes riquezas de Bonifacio, veciño que acaba de chegar de Buenos Aires con moita fachenda. A comicidade da representación conséguese, en parte, contrastando as «gringuadas» do personaxe que fala con acento porteño coas «gallegadas» de Antón, o verdadeiro namorado de Xuana, e complétase coas consecuencias da borracheira de Isidro, home de Pepa e pai de Xuana, que acaba ordenando a formalización ante a Igrexa da relación entre Xuana e Antón, ao tempo que promete non volver nunca máis á taberna.

Sen contarmos co texto da escenificación escolar, non podemos saber a relación plena que existiría entre ambas as dúas. En principio, vemos que o número de nenos actores non coincide cos personaxes do orixinal conservado por Everardo. E tampouco o reparto de papeis que figura no caderniño parece ter que ver con xentes de Boal. A pesar de todo, unha vez observado o tema da última e relacionándoo co título daquela, ademais de considerar que nas dúas aparece o personaxe do «Americano» contrastado con tipos do país, podemos imaxinar, cando menos, certo paralelismo. E, subindo un chanzo máis, pensamos que o xoguete boalés fora unha mera adaptación escolar do noso sainete, acomodada ós condicionantes de actores, público e mesmo momento histórico. No medio deses condicionantes puido encontrarse a mesma lingua. Hoxe en día non sabemos con certeza en que idioma se desenvolveu a representación de Boal. Orlando, asegura que a fixeron en castelán, que, segundo el, era o único que se empregaba na escola. Pola contra, Teodosio Sáenz, tamén en agosto de 1912, despois de dubidar, contéstame «y sería en bable, que es lo que allí entendía la gente». Pensando que na década de 1940, cando o galego escrito pasaba por unha época de escuridade por mor da situación sociopolítica, Sela, Mejeras e Queipo, amigos e compañeiros de xeración, seguían colaborando esporadicamente en galego en *Las Riberas del Eo*, e considerando que a oposición galego / castelán xoga un papel decisivo na caracterización dos personaxes e na transmisión da mensaxe, é posible que Fidalgo mantivera a lingua orixinaria na representación escolar do seu sainete.

Partindo de todos estes factores, non resultaría demasiado arriscado restaurar a cabeceira da obra co idioma que ensalzan os propios personaxes e, deste xeito, asignarlle ao orixinal conservado o título de *As dúas riquezas*. Por un lado, a verdadeira riqueza do que se manifesta cun trato natural empregando a lingua do país, cun cariño sincero e conservando os valores tradicionais, fronte á riqueza daqueloutro que muda de estatus económico e pasa a expresarse nun idioma foráneo, adopta modais postizos e simula esquecer as súas orixes. No teatro popular costumista do tempo das Irmandades, ben diferente daquél de

carácter culto elaborado durante a mencionada «fulgurante década literaria del Eo» polo veiguense Armando Cotarelo Valledor (*Trebón*, 1922; *Sinxebra*, 1923; *Lubicán*, 1924; *Hostia*, 1926; *Beiramar*, 1931...), é moi habitual o personaxe do americano que regresa falando en castelán (non sempre en actitude desprezativa de cara ao idioma do país). Véxanse, a modo de exemplo, *Mal de moitos* (1915) de E. Charlón Arias e M. Sánchez Hermida (Lourenzo + Pillado 1982: 111-123), *Almas mortas* (1922) de Antón Villar Ponte, *Todo ten goberno* (en *Monifates*, 1928) de Xavier Prado «Lameiro» e, no occidente asturiano, *Xan Cabrito* de Manolo e Paco Marinero (Suárez 2009: 216-265) e, xa en tempos máis próximos, *Vénnos el americano* de Manuel García «Galano» (1993: 257-300).

A valoración do mundo tradicional campesiño e do propio fronte ao alleo, herdados do século XIX (Ogando 2006: 79), que se fai tan característico das Irmandades da Fala, emparenta o noso sainete co «teatro aldeano» da xa citada Biblioteca Popular Circulante (Bugallo 2009: 25-27 e Suárez 1999: 61). Tendo en conta isto, aínda que, polo de agora, non dispoñamos de elementos suficientes para demostralo, dános a impresión de que a peciña de Fidalgo remonta á primeira metade da década dos trinta. Mesmo non sería nada estraño que o autor, de valorarmos certos paralelismos entre as dúas obras (Abuín + Ruibal 2006: 23-24), se vira influenciado de cerca pola comedia *O pazo* de Manuel Lugrís Freire, que fora representada polo coro ribadense Cantigas d'a Mariña o día de San Pedro de 1933 no Casino-Teatro castropolense¹³.

Se, observando as narracións de Fidalgo, descubrimos que están plenamente integradas na tradición local, co sainete ocorrenos outro tanto. As cántigas que o autor pon en boca de Antón e Isidro son boa mostra da cultura tradicional. Mais, o uso de trazos populares non impide a utilización doutros de procedencia culta como poden ser os tangos que canta Bonifacio e os fragmentos tomados de Zorrilla, Rubén Darío e Valle-Inclán.

A conservación do orixinal é deficiente. A pesar diso, non resulta difícil restaurar as ausencias; cando menos, para aproximármonos á versión do autor. O texto ofrece varias correccións manuscritas e as intervencións dos personaxes encontrámolos sempre sulñadas á man, salvo nas dúas últimas páxinas. O aspecto actual destas dúas, que rexistran tamén formas lingüísticas que contrastan, en certo modo, coas do resto da obra, pódenos levar a deducir que foron escritas nun momento diferente, cunha cinta gastada, cun papel de calco, cunha máquina de impresión menos nítida ou, simplemente, que a humidade e o tempo foron esvaendo a impresión. Considerando todos estes elementos, mesmo

¹³ «Se presentó una comedia gallega titulada «O Pazo» que, aunque pecase de cierto amaramiento teatral, contenía alusiones que fueron celebradas por una parte del público y acogidas con no tanta algazara por otra parte: se trataba de un americanín joven y rico que desdénaba las habilidades madrileñoides de una jovencita pizpireta, por los atractivos más ingenuos de una rapaza «enxebre». En tercer lugar, el Coro interpretó varias canciones de compositores gallegos del siglo pasado –en su mayor parte glosando versos de Rosalía–, entre las que iba una original del director del Coro. Para remate, se cantó el Himno Gallego, que fue escuchado de pie, como obligada cortesía a nuestros vecinos (y con más emoción, por algunos «irredentos» simpatizantes)» (*El Aldeano*, n.º 91, 15-VII-1933).

chegamos a pensar que puideron ser aproveitadas dunha versión anterior redactada con variantes dialectais diferentes.

Desde o punto de vista lingüístico, un dos trazos que a singulariza é o emprego de formas como *alló, tolluras, llume, llougo, oillo*, etc., polo cal cabe imaxinar que puido ser creada para representar na zona en que se palataliza o L- inicial e o -LL- intervocálico latinos ou, simplemente, que o autor utilizou o sistema que lle resultaba máis entrañable, por ser o da súa familia. A obra caracterízase, ademais, como ocorre noutros textos do autor, polo emprego (non sistemático) do grafema «y» en voces como *ye, muyer, fiya, trabayador, tayada*, etc. A pesar das dúas características mencionadas, dista moito de ofrecer un sistema lingüístico unificado que puider responder completamente á área devandita. Velaquí, ademais das xa anotadas, outras voces que responden a diferentes variantes dialectais da zona, convivindo moitas delas con outras opcións: *muíto, escuítta* (~*moi*); *pos, despós* (~*pois, despois*); *condo~cuando; baxa; búas* (~*boas*); *chíos; úa, ningúa; calente, meiroleiros, adelante* (~*diante*); *-ois* (~*-ós; perrois / Naciós*); *el, lo* (~*o*); *eo* (~*eu*); pronomes átonos *lo, la* (~*na; nun la / tena*); *estos, esos; tou, sou; mía* (~*miña*), *tía* «*tiña*» (/ *galiña*); *dice, dicen; fer* (~*facer*); *peizme* (~*paréceme*); *puer* (~*poñer, poñerás*); *quer* (~*quere*); *veo, vío* (~*víu*); *-ais* (~*-ades, -edes; embobais, chamais / tades, queredes*); *teis* (~*tes*), *tein; tuviche; i* (~*e*); *pro* (~*pero*), *pra~pa* (~*para*); *nun* (~*non*), *unde, hoi*, e algunhas máis.

Como xa se observou nas narracións, o uso de formas coloquiais dá paso a castellanismos que actualmente resultarían insólitos nun rexistro coidado, tales como *relojes, jumento, fíjate, oro, cosa* (~*cousa*), *aprovechar, buenas* (~*boas, búas*), *cuenta, suena, acompañamiento*, etc. Ou formas híbridas como *vamos a ter, vai a morrer, diecioito*, etc. Así mesmo, o castelán, igual que nos primeiros tempos da nosa literatura decimonónica, tamén é a lingua dos acoutamentos escénicos. A pesar de todo, esta obra de xuventude, desde o punto de vista lingüístico, parece máis coidada que a narrativa, elaborada nunha época na que o autor xa non mantiña un contacto diario coa lingua.

A acomodación da obra á fala comarcal, como vemos, non impide o emprego de formas galegas foráneas. Sorprende o uso do diminutivo en *-iño -iña* (*Bonifaciño, Pepiña*; non en *-ín -ía*, como cabería esperar), utilizado polo matrimonio de Pepa e Isidro. Estes dous personaxes tamén din *galiña* e *miña*, variantes que aparecen na penúltima páxina. Tanto nesta, como na seguinte, rexístranse outras formas (*Naciós, tena, facer, o mismo, o domingo, diante, boas, non volvo, e, diante, moi...*) que nos fan pensar que o texto das dúas foi aproveitado, como xa adiantamos, dunha versión anterior que, sen renunciar ao comarcal, quizais se acomodara máis, no seu conxunto, ao galego literario da época. Tanto que existira esa primitiva versión como que non, a integración do particular no universal debemos contemplala cos ollos dos escritores mozos da Xeración de 1936; pois é un criterio que manteñen tamén «Ovidio de Queipo» e Mejeras, con quen Paco mantivo amizade durante toda a súa vida. Os tres, sen renunciaren á súa asturianidade afectiva e administrativa, séntense dentro dunha colectividade lingüística na que o Eo servía de ponte e non de muro xebrador. A súa actitude non difería, polo tanto, da doutros autores de Galicia, que conxuga-

ban as formas que lles chegaban a través de textos literarios coas comarcais, especialmente se querían plasmar a fala popular¹⁴.

No plano ortográfico salienta tamén o uso do apóstrofo en formas como *d'América, cu'a escasez, qu'a xente, xa m'entendes, tuvo n'América* e algunha máis; por ser un trazo que non temos constatado nos escritos de Fidalgo de a partir dos anos cincuenta. A supresión do apóstrofo, xa contemplada nas normas para a unificación do idioma elaboradas en 1933 polo Seminario de Estudos Galegos, caracterizará, a partir de 1950, as publicacións da editorial Galaxia. Non sabemos se Fidalgo, lector de Cunqueiro e doutros escritores coetáneos, acabou incorporando aos seus escritos de posguerra a innovación ortográfica por influencia das súas lecturas ou se máis ben se debe a unha opción individual independente de calquera normativa, onde o autor opta maioritariamente por unha segmentación de carácter analítico na que as diferentes categorías gramaticais manteñen a forma plena.

1.5 A presente edición


Tratamos de ser fieis aos textos orixinais, incluíndo os castelanismos e as vacilacións dialectais que rexistran. A pesar diso, introdúcese, para facilitar a lectura, algunha variación na puntuación e nos tipos de letra, ademais de pasarmos por alto, nos escritos a máquina, os erros mecanográficos facilmente identificables. Así mesmo, incorporamos como opción preferente, aínda que o indiquemos a pé de páxina, todas as anotacións manuscritas do autor.

O criterio de acentuación gráfica, con certa anarquía nos orixinais, e o uso de grafías como «b», «v», «h» e «x» acomodámolo ás normas vixentes da Real Academia Galega. Desta maneira, *tú, tí, mín; chubisca; nunbos; ¡ay bay o!, xa hora, ¡(h)ay e o!; extrañar...*, transcríbense como *tu, ti, min; chuisca; nun vos; ¡ai, vai, ho!, xaora, ¡ai é, ho!; estrañar...* No verbo (*es*)tar mantemos o til nas aféreses *tá, tás, tán e té*. A actualización afecta igualmente á grafía e segmentación de contraccións e crases como *a os, cu'a escasez, as coba, arrastro*, etc., que pasan a *aos, cua escasez, a escoba, a rastro*, etc.; de aí que os contados casos de apóstrofo que figuran no sainete tamén se transcriban de acordo coa ortografía actual. Así *d'América, n'América, d'outros...* pasan a *de América, na América, doutros...* Fronte a estas actualizacións, respectamos a grafía que resalta o seseo de Bonifacio, en formas como *prinsesa, amigaso, castiso, conose, lus, esclavitús*, etc.

A copulativa y representámola por *i e*, seguindo a mesma norma, formas como *contey, rey, ay, foy, muy, hay, allindarey; mayor, oyes, vaya*, etc., pasan a *contei, rei, ai, foi, mui, hai, allindarei; maior, oies, vaia*, etc. Este criterio, en cambio, non se fai extensivo ás palabras que derivan dun étimo con LJ, C'L, T'L ou G'L. Nestes casos, a grafía «y» (que a miúdo é sentida como un diferen-

¹⁴ Así, en *Contos de polavila* de José María López encontramos *caserú, tíu, fíu; curenta, fulgueira; unde, nunde; muito, mui, escuítar; eo, pareceo, convenceo, morreo; deixache, viche, comprache; tábache; Manuelín, Tomásín; pra, pro*, e outras moitas.

cialismo asturiano fronte ao galego normativo) responde a unha evolución fonética do propio sistema lingüístico que para un reducido número de falantes conservadores do baixo Navia posúe valor fonolóxico en parellas como *esfoyar / esfollar, gayo / gallo*, etc. O que se rexistre unha ampla zona e sistemas persoais con confluencia das dúas solucións (ben con lleísmo, ben con ieísmo) está na causa da vacilación gráfica de Fidalgo. O escaso rendemento fonolóxico deste a miúdo chamado «yeísmo histórico» non impediría, tal como se fixo en catalán, unificar con «ll» a ortografía das dúas solucións; non só por pensar nas áreas occidentais do Principado que manteñen a pronuncia da palatal lateral (*esfollar / esfolar, gallo / galo...*), senón tamén por considerar a funcionalidade de acomodarse á ortografía do resto do galego. A pesar diso, nesta edición, reproducimos fielmente as vacilacións do autor (*ye, muyer, fiya, trabayador, tayada, paya; centeya... / lle, decialle, palleiro; centellazo...*).



Áreas dialectais do galego en Asturias e leste de Lugo. A obra de Fidalgo, enmarcada, con trazos dialectais da área B, participa tamén de características da A e de formas propias do galego común.

2. EDICIÓN DA OBRA

2.1 Nana pra dormir os¹⁵ nenos

*Duérmete, nenito,
que viene el coco
a llevarse a los niños
que duermen poco.*

Nun¹⁶ durmas, nenín¹⁷,
nin peches os oyo¹⁸
que el¹⁹ coco i as bruxas
levan solo aos tollos²⁰.

Nun temas al coco,
ás bruxas i al demo,
que eso²¹ sonche bromas
pra²² enganar²³ aos nenos.

Nun durmas, pequeno,
berra canto²⁴ poidas,
espernexa i²⁵ grita
i, si²⁶ queres, chora.

¹⁵ En 1950, *a os*. Dámoslle prioridade á edición de Boal, de 1988, por ser a última.

¹⁶ Variante fonética de *non* átono, tamén reflectido no penúltimo verso (*non lleva*).

¹⁷ A terminación *-in*, en lugar de *-iño*, ademais de empregarse en Asturias e no Bierzo, caracteriza unha ampla zona da provincia de Lugo (Santamarina 1982: 177), onde algúns autores a seguen utilizando ao lado da forma maioritaria (Núñez 2005: *platadín, Pepín, instantín...*).

¹⁸ Neste tipo de voces o autor vacila entre as grañas «y» e «ll» (*oyos, teyado, paya / carballos, palleiro*). Entre os actuais escritores asturianos encontramos un grupo que opta pola ortografía diferencial, potenciada polas normas ortográficas da Academia de la Llingua Asturiana, e outros que manteñen o «ll», ben por conservaren no sistema familiar a articulación da palatal lateral, ben por empregaren a ortografía do resto de Galicia (Álvarez 1995, Calvín 2013, Frías 1991, García Rivas 2007, Quique Roxíos 2002).

¹⁹ Forma do artigo que caracteriza parte das falas galegoasturianas.

²⁰ En 1950, *tolos*. O autor procura acomodar este tipo de voces á fonética da área de palatalización (*tollos, lleven, llume, lleva / ladra, levan*).

²¹ Var. maioritaria do galego oral, xunto con *esto* e *aquelo* (fronte ás normativas actuais *isto, iso* e *aquilo*), moi empregada na literatura dos séculos XIX e XX.

²² Forma coloquial, en lugar de *para*, moi utilizada na literatura.

²³ Castelanismo, por *enganar*.

²⁴ Forma do galego normativo presente tamén no Principado ao lado das variantes *condo* e *cuando*.

²⁵ Var. da copulativa *e*. Así como en posición prevocálica o uso de *i* caracteriza unha grande parte da xeografía galega, en situación preconsonántica o seu emprego tense espallado na oralidade dos últimos tempos por presión do castelán. Os textos galegoasturianos de principios do XX xa rexistran este cambio.

²⁶ Cast., por *se*.

Mais, si te durmes²⁷,
meu neno pequeno,
pode que te lleven²⁸.
as hadas²⁹ o³⁰ el demo.

A noite³¹ tá³² moura,
ximben³³ os carballos,
el vento i a lluvia³⁴
turran³⁵ nel³⁶ teyado.

Tou³⁷ padre durme a cachos,
túa madre fai que durme,
el can ladra ás sombras,
chuvisca no llume³⁸.

El vento³⁹ rebinca⁴⁰
por entre el palleiro,
xoga con a paya,
¡chegou el inverno!

Nun durmas con medo,
meu neno pequeno,
que el demo non lleva⁴¹
aos neníos⁴² buenos⁴³.

²⁷ O autor utiliza aquí *durmes* e *durme*, alternativa oral das normativas *dormes* e *dorme*. Esta última aparece no sainete.

²⁸ En 1950, *leven*.

²⁹ Cast., en lugar de *fadas* ou equivalentes.

³⁰ Cast., por *ou*.

³¹ Nos dous orixinais, *noita*.

³² Aférese de *está* moi empregada na oralidade. Aínda que na comunicación literaria predominan as formas plenas, en obras que reflicten a fala coloquial podemos rexistrar tamén as reducidas (*Antoloxía* 2013: 19, 25, 27...).

³³ Quizais un cruzamento entre *cimbran* «móvense» e *ximen*. En 1950, *ximen*.

³⁴ Cast., por *chuvia*.

³⁵ Baten con insistencia.

³⁶ O autor utiliza a forma innovadora, de carácter analóxico, e tamén a conservadora (*nel teyado / no llume*).

³⁷ Fidalgo, igual que outros escritores de Asturias e León (Poncelas 1995: 106), emprega os posesivos etimolóxicos *meu(s)*, *tou(s)*, *sou(s)*; fronte ao maioritario sistema analóxico (*meu(s)*, *teu(s)*, *seu(s)*) utilizado no resto de Galicia, se descontamos algunha transcripción da oralidade do occidente coruñés onde se mantén tamén o primeiro.

³⁸ En 1950, *lume*.

³⁹ En 1950, esta palabra parece sobreimpresa sobre *trasgo*.

⁴⁰ Rebrinca, enreda.

⁴¹ No orixinal, *nonlleva*.

⁴² Var. da área asturnegueira, caracterizada pola correspondencia *-in - -íos*, *nenín - neníos* (fronte aos sistemas *nenín - neniños* e *neniño - neniños*). O autor usa tamén *vicíos*, *escarpíos*, etc.

⁴³ Cast., por *bos*. En 1950, *que el demo escapa / dos neníos que son buenos*.

2.2 Pequenas historias dos mariñeiros del Eo⁴⁴

Ricardo andaba al barcaxe⁴⁵ i pasaba el día levando i traendo a xente nel bote desde as Figueiras a Ribadeo i volta outra vez. Bueno⁴⁶, esto é un decir, porque os viaxes⁴⁷ eran poucos i a competencia muita⁴⁸ i además⁴⁹ el amo del bote i el iban⁵⁰ a medias i os dous reales⁵¹ que cobraban por persona⁵² daba pouco pra repartir.

Por eso tía⁵³ que esperar que se xuntasen dous ou tres viaxeiros. Úa⁵⁴ mañá chegou úa veyá⁵⁵ con muito remango pedindo que la⁵⁶ levase a Ribadeo, que tía muita prisa⁵⁷.

—Ai, señora, ten que esperar a que veña algúa persona máis⁵⁸; porque, si la levo a Vd.⁵⁹ sola, teño que cobrarme como si foran dúas ou tres, posto que por dous reales nun podó fer⁶⁰ el viaxe.

—¿Pois tu⁶¹ sabes quen son eu? —replicó⁶² a⁶³ veyá, con muito retintín.

—Non, señora, nun sei que é Vd.

⁴⁴ Partimos da edición das Figueiras de 1987, que nos proporcionou o autor en 1991 con algunha corrección manuscrita (entre elas, o propio apelido, que figuraba como *Villaselán*), e tamén a versión mecanografada enviada á imprenta.

⁴⁵ Cast., por *á barcaxe*.

⁴⁶ Cast., por *ben*.

⁴⁷ Cast., por *as viaxes*.

⁴⁸ Var., de *moita*, rexistrada en falas do bloque oriental e occidental (Fernández Rei 1990: 50). Do mesmo xeito, *mui* e *escuita*. A presenza do ditongo *ui* na literatura salienta dun xeito especial na poesía pondaliana. Recentemente, Lema Suárez (2013) utiliza as formas con *ui* para caracterizar a xentes do noroeste da Coruña.

⁴⁹ Cast., por *ademais*. Cabería pensar tamén nunha correspondencia do tipo *despois - despós*.

⁵⁰ Var. de *ían*.

⁵¹ Aínda que no occidente do Principado tamén rexistremos os plurais do tipo *reás* e *reais*, un trazo característico das falas galegas de Asturias, parte de Lugo e León (Seco 2004: 435) é o mantemento do –L– intervocálico latino. Iso explica que Fidalgo utilice formas como *reales*, *solo*, *meiroleiro*, *salir*, *palo*, *cul*, *calente*, *molín*, etc.

⁵² Cast., por *persoa*.

⁵³ O autor emprega as variantes asturnegueiras *tía* e *vía* en lugar de *tiña* e *viña*.

⁵⁴ Var. de *unha* propia de falas orientais. Do mesmo xeito, máis abaixo, *algúa* por *algunha*. Nos actuais escritores galegoasturianos rexístranse as dúas variantes (Rico 2012, García-Galano 2010).

⁵⁵ O autor, nesta narración, transcribe con «y», e non con «ll», *veya*, *ye(s)*, *fiyo*, *oyo*, *moyaba*, *ya*, *coyendo*, *meyor* e o castelanismo *cucliyas*.

⁵⁶ Var., en lugar de *a*, moi potenciada pola presenza do castelán.

⁵⁷ Cast., por *présa*.

⁵⁸ Cast. Repárese en que o autor usa tamén a forma galega, *máis*.

⁵⁹ Cast., por *Vde.*, *vostede*.

⁶⁰ Var., por *facer*, dalgunhas falas galegoasturianas e galegoestremeñas (Costas 2013: 164). De aí, máis adiante, *fía* por *facía* e *fendo* por *facendo*.

⁶¹ Forma etimolóxica (en lugar da normativa *ti*) propia das falas orientais e meridionais (Fernández Rei 1990: 75), amplamente documentada na literatura (Noriega 1982: 127, Santiago 1961: 114, Vidal 1920: 44).

⁶² Cast., por *replicou*.

⁶³ Corrección manuscrita do autor sobre un *la* impreso. Na versión a máquina, *replicó la veyá*.

—Pois soi⁶⁴ a madre del cura de Barres.

Ricardo calou us⁶⁵ segundos; mas, aquela soberbia da veyá, atragantóuseye de tal maneira, que, nun podendo máis, díxoye:

—¿I Ud.⁶⁶ sabe quen soi eu?

—Pos⁶⁷ non; nin me fai falta.

—Pois, pra que lo sepa⁶⁸, soi fiyo de Don Sabino, el cura de Tapia.

Ricardo quedou a gusto como si soltara un sapo del gorgoleiro⁶⁹ i botouye úa sonrisa⁷⁰ de satisfacción mirando pra a veyá, a que, con cara de pasmada, nun ye quitaba oyo sin⁷¹ atreverse a gurgutar, chegando así a Ribadeo sin falar úa palabra. Detrás de Ricardo chegou al pouco tempo, noutro bote, el compañeiro de oficio, Leonardo, traendo dos⁷² viaxeiros más. Había un pouco mar de fondo xunto a un nordeste que fai bailar aos botes. Nel muelle⁷³ el mar subía i baxaba⁷⁴ más da cuenta⁷⁵, i Ricardo, más delgado i ágil⁷⁶, axudou a desembarcar a los⁷⁷ viaxeiros dos dous botes, dándoyes a mau⁷⁸ desde el muelle.

—Veña, salta, vamos tomar us cha[n]queiros⁷⁹ –invitou Ricardo.

Leonardo, gordo i torpe, tuvo⁸⁰ un tempo esperando que el mar subise pra saltar a terra; amagaba i nun daba i as olas subían i baxaban. Cando⁸¹ por fin lo fixo, xa era tarde i quedou agarrado colgando del cabo del risón⁸².

El mar moyábaye as pernas i as maus nun aguantaban el peso del corpo. Entrouye el medo de caier⁸³ al fondo i, chorando aterrado, berraba:

⁶⁴ Cast. Contrástese coa forma *son* da intervención anterior da mesma persoa.

⁶⁵ Variante centrooriental, equivalente a *uns*. O autor alterna esta forma con *úos*.

⁶⁶ Cast., por *Vde.*, *vostede*. Na copia a máquina figura *Vd.*

⁶⁷ Obsérvese a alternancia entre *pois* e *pos*. Esta vacilación podemos achala en autores que reflicten a fala popular doutras áreas (López Lajas 1998: 28-29).

⁶⁸ Cast., por *saiba*.

⁶⁹ Gorxa, gola.

⁷⁰ Cast., por *sorriso*.

⁷¹ Cast., por *sen*.

⁷² Cas., por *dous*. Na copia a máquina, *dos*.

⁷³ Cast., por *molle*, *peirao*, *embarcadoiro*...

⁷⁴ Forma conservadora do galego oriental, fronte á innovadora *baixaban* (Santamarina 1982: 177). Esta última, tamén rexistrada no Principado, é usada por algúns escritores galegoasturianos (Rivas 2009).

⁷⁵ Cast., por *conta*.

⁷⁶ Cast., por *áxil*.

⁷⁷ Cast., por *os*. Tamén na copia a máquina.

⁷⁸ Variante centrooriental, en lugar da occidental *man*. O autor vacila entre as grafías *mau* e *mao*. Entre os moitos autores que rexistran esta variante dialectal figuran Curros (1880: 115) e Lamas (1981: 13).

⁷⁹ Vasos.

⁸⁰ Aférese de *estuvo*, var. de *estivo*.

⁸¹ Esta forma, utilizada varias veces nas narracións, tamén figura no texto mecanografiado por Fidalgo.

⁸² Var. de *rizón*, áncora.

⁸³ Var. de *caer*, tamén usada polo autor.

—¡Ai, Ricardín, bótame por Dios⁸⁴ úa mao! ¡Axúdame, que me afogo!

Ricardo, posto en cucliyas⁸⁵ nel borde del muelle, nun fía más que rirse, fendo que ya daba, a mao.

—Teis⁸⁶ que cantarme el «nun me mates con tomates...».

Leonardo, entre sollozos⁸⁷ i lágrimas, púxose a cantar mientras⁸⁸ as olas moyábanye as pernas i el cul:

—«Nun... nun... me... mates, con... con... con... to... mates...». ¡Axúdame, que nun podó más!

As carcajadas⁸⁹ dos mariñeiros del muelle oíanse en San Román. Por fin, Ricardo, coyéndoye os brazos, axudoíye⁹⁰ a subir a terra i tomaron os chanqueiros de vino⁹¹ que nunca meyor ye souperon⁹².

Pero a festa i as bromas de este día trouxo cola. Dous meses de esto, foi Ricardo a Tapia i oío⁹³ que lo chamaban. Era Dn. Sabino, el cura.

—Tía⁹⁴ ganas de verte. Xa sei que andas dicindo⁹⁵ por aí que eres⁹⁶ fiyo meu. Pois mira..., nin ye fais ningún favor a túa madre nin tampouco a min. ¿Entendiche⁹⁷?

2.3 Pequñas historias del Eo⁹⁸

Xa dixen el ano pasado que Ricardo taba dedicado al barcaxe i como nacera pra actor cómico, unde⁹⁹ puido ser úa gran figura, i delo deu buenas pruebas¹⁰⁰ nos

⁸⁴ Cast., por *Deus*.

⁸⁵ Cast., por *crequenas*.

⁸⁶ O autor utiliza (en lugar de *tes, fas, fan, teñen...*) as formas temáticas orientais *teis, fais, fain, tein...*, variantes que teñen sido utilizadas cun rendemento esteticoliterario particular polo courelao Uxío Novoneyra (1981: 32, 67, 82...).

⁸⁷ Cast., por *saloucos, salaios, choros...*

⁸⁸ Cast., por *mentres*.

⁸⁹ Cast., por *gargalladas, risas...*

⁹⁰ A forma *axudoí* figura tamén na versión mecanografada.

⁹¹ Cast., por *viño*.

⁹² Var. de *souberon*. De igual xeito, *soupo* por *soubo*.

⁹³ As formas en *-ío* (*oío, vío, murío, abrío...*), que nos poden lembrar a autores do occidente coruñés como Pondal ou López Abente, predominan sobre as en *-iu* (*oúu, viuu*), utilizadas no galego común.

⁹⁴ Na copia a máquina, *Xa tía*.

⁹⁵ Repárese que o autor utiliza as raíces *dic-* e *dec-*. A coincidente co castelán é a maioritaria.

⁹⁶ Forma potenciada polo castelán. O autor utiliza *es* no sainete (*¿Quen es tu pra insultarme?*).

⁹⁷ Var. que convive en todo o territorio galego coa máis utilizada hoxe na escrita, *entendiches* (Fernández Rei 1990: 88).

⁹⁸ Utilizamos a edición das Figueiras de 1988, con algunhas correccións da man do autor, e a de 1997 da Caridá. O título, en castelán, contrasta coa «pequena historia» do ano anterior.

⁹⁹ Var. de *onde*. Na edición de 1988, *undo*.

¹⁰⁰ Cast., por *boas probas*.

teatros de aficionados. El caso é que si se levantaba de buen¹⁰¹ humor a frase taba sempre a flor de labio i el chiste andaba con el como a sombra al corpo; pos nun había día que Ricardo nun inventase algúa toleiría¹⁰² que terminaban en risas i en comentarios: «este home é el mismo demonio¹⁰³», «lo que el inventa nun lo inventa naide¹⁰⁴», i as carcajadas estallaban¹⁰⁵ entre os oyentes¹⁰⁶.

Un día iba nel bote camín de Ribadeo levando a xente; había calma i os remos, sin prisa ningúna, entraban i salían nel agua pausadamente como fatigados de tanto eslapuzar¹⁰⁷ día tras día. Ricardo iba calado con cara de circunsancias sin falar nada, cousa rara nel. Lola da Esquina, que iba nel bote, deuse cuenta i reparou que algo¹⁰⁸ ye pasaba:

—¿Pois que che pasa, Ricardín? Porque a ti algo che pasa; vas mui calado i nun dices¹⁰⁹ nada.

Ricardo, con cara larga, voz baxa, mirou pra Lola i díxoye:

—Cale, muyer, cale; vou disgustado... ¿Nun sabe quen murío¹¹⁰?

—Ai, Ricardín del alma, nun me asustes; ¿pos quen murío?

—Ahora¹¹¹ cuando¹¹² baxaba pral muelle dixéronme que morira¹¹³ de repente Don Víctor.

—¡Ave María Purísima! Déixasme pasmada. Nin oín nada i ainda¹¹⁴ ayer¹¹⁵ lo vin en San Feliz falando con Manolo de Isidro.

—Nun somos nada, Lola, nun somos nada. Xa ves..., ayer tan campante i hoi¹¹⁶ xa morto.

¹⁰¹ Cast., por *bo* ou *bon*.

¹⁰² Na 1.^a edición, *toleira*. Nas falas galegoasturianas encontramos o sufixo *-eiría* como variante de *-ería* ou *-aría*.

¹⁰³ Cast., por *mesmo demo*.

¹⁰⁴ Forma coloquial moi utilizada en toda Galicia en lugar de *ninguén*.

¹⁰⁵ Cast. (ou dialectalismo), por *estalaban*.

¹⁰⁶ Cast., por *oíntes* (ou a comarcal *ouguíntes*).

¹⁰⁷ Batuxar.

¹⁰⁸ Corrección manuscrita sobre *al lago*, incorporada na edición da Caridá.

¹⁰⁹ As formas *dices*, *dice* e *dicen*, en lugar de *dis*, *di* e *din*, son características das falas do bloque oriental.

¹¹⁰ Na 1.^a esta persoa aparece sempre como *murió*. Sobre as formas impresas o autor corrixe manualmente, cambios que xa incorpora a edición de 1997.

¹¹¹ Cast., por *agora*.

¹¹² Aínda que nas falas de Asturias se rexistre tamén esta forma, coidamos que o uso, por parte de Fidalgo, débese ao castelán.

¹¹³ Cast., por *morrera*. Como ocorre tantas veces na linguas subalternas, moitos falantes utilizan a forma castelá, *morir*, para as persoas e a galega, *morrer*, para os animais. No sainete, Fidalgo emprega tamén correctamente a tradicional.

¹¹⁴ Var. de *aínda*.

¹¹⁵ Cast., por *onte* (ou a comarcal *anoite*).

¹¹⁶ Var. de Asturias e parte de Lugo, en lugar da máis espallada *hoxe*, que podemos encontrar documentada noutros autores actuais (Rivas 2010: 98).

Al chegar a Ribadeo embarcaba camín de Castropol Ramón Soto, juez¹¹⁷ comarcal da villa¹¹⁸, i nada más verlo¹¹⁹, Lola soltouye a noticia:

—Don Ramón, ¿nun sabe que murío Don Víctor das Figueiras?

—*¡Vaya por Dios! ¡Me deja Vd. asombrado! No sabía que estuviera enfermo.*

—Éyete que murío de repente fai mui pouco –aclarou Lola.

—*No sé nada, porque al Juzgado no comunicaron nada. Ahora cuando llegue a Castropol me enteraré de lo ocurrido*¹²⁰.

A noticia correu como regueiro de pólvora entre a xente das Figueiras i as de Ribadeo que conocían a Don Víctor. Al subir a calle¹²¹ de Porcillán, Lola encontrouse con Don Alejo, cura de Piñeira¹²², i deuyete a noticia.

—Don Alejo, acabo de enterarme¹²³ que murío Don Víctor de repente.

—*Caramba, me deja Vd. frío; vaya desgracia tan inesperada.*

Nun pasara media hora cuando atracou Candado con a súa lancha en Ribadeo traendo varios viaxeiros i entre eles¹²⁴ a Don Víctor, que vía oficiar a un funeral en Ribadeo. Lola, que lo vío, botou as maus á cabeza i, santiguándose toda asustada, gritou:

—*¡Ai, Don Víctor del alma! ¿Vd. tá vivo ou é úa alma en pena? Acábanme de decir que morira Vd. de repente.*

Don Víctor, con su¹²⁵ voz campanuda, lenta i doctoral, mirou pra Lola i espetouye molesto i displicente¹²⁶:

—*Oiga, Lola, es de mal gusto bromear con la muerte, y yo no estoy muerto ni deseo estarlo, gracias a Dios. El que inventó ese meirolo*¹²⁷ *más le valiera ir a los aguayos al Tesón para refrescar la cabeza.*

Lola caíeu entonces na cuenta de que todo fora úa falcatrúa¹²⁸ de Ricardo.

—Déixayete que veña, que me¹²⁹ vai oír... Foiye Ricardo, que me contou lo¹³⁰ de a súa morte –aclarou Lola–. Xa lo conoce como é; pero vaimete oír, porque eso

¹¹⁷ Cast., por *xuíz*.

¹¹⁸ Cast., por *vila* (ou influencia do sistema familiar do autor).

¹¹⁹ O mantemento do *-r* en *verlo*, *encontrarlo*, *sacudirlos*, etc. débese ao castelán. Contrasta esta formación coa máis enxebre utilizada no sainete: *buscallo*, *allindallo*, *contallo*...

¹²⁰ A cursiva é nosa.

¹²¹ Cast., por *rúa* ou equivalentes.

¹²² Castelanización de *Piñeira*.

¹²³ Cast., por *saber* ou similares.

¹²⁴ Na área dialectal asturnegueirera mantéñense os plurais etimolóxicos nas formas *elos*, *estos*, *esos* e *aquelos*, fronte ás formas galegas maioritarias, en *-es*.

¹²⁵ Cast., por *a súa*.

¹²⁶ Na 1.^a *displicente*.

¹²⁷ Aldrumeirada, andrómene, argallada.

¹²⁸ Trasnada, broma.

¹²⁹ Falta na 1.^a

¹³⁰ O autor para o neutro utiliza *lo* e *o* (*cantaban o que yes daba a gana*).

nun se fai con úa persona maior. Perdóneme, Don Víctor, i alégrome que té vivo i Dios ye dé¹³¹ muitos anos de vida.

A cousa quedou así, pero, pasadas úas dúas horas, Ricardo volveu das Figueiras a recoyer a xente, i xa taba nel muelle Lola esperándolo¹³²...

—Ah, condenado meiroleiro¹³³, decícheme¹³⁴ que morira Don Víctor i acabo de encontrarlo sano i vivo. Eso nun se fai, Ricardín; contácheme úa¹³⁵ mentira i eu creíña¹³⁶. I hasta¹³⁷ yo dixen a Don Ramón Soto i a muitas máis personas que encontrei.

Ricardo, víndose¹³⁸ descuberto, fíxose de novas i, medio enfadado, replicou:

—Déixeme en paz i nun me veña reñindo, que tou mui disgustado i nun tou pra nada. Acaba de caer del muro del muelle abaxo Rapela¹³⁹ i abriu¹⁴⁰ a cabeza. Leváronlo¹⁴¹ medio¹⁴² morto sangrando como un cocho. Penso que a estas horas xa debeo¹⁴³ morir.

—¡Virgen¹⁴⁴ Santísima! Nun gana un pra sustos —dixo Lola—. Hai días que más vale nun salir da casa. ¡Probe¹⁴⁵ Rapela! Nun sabe un unde la ten. Mira tu que caer del muelle abaxo... Tamén é mala suerte¹⁴⁶. Si¹⁴⁷ abriu a cabeza, nun ten remedio.

—Pois non¹⁴⁸ sei si tará morto —dixo Ricardo—; pois por a sangue¹⁴⁹ que botaba i a cara que levaba, nun era pra esperar outra cousa. Parecía más morto que vivo.

Desembarcou Lola nas Figueiras i a pobre iba cavilando na desgracia de Rapela mentras subía por el muelle i, al pasar por delante del Bar de Rapela,

¹³¹ As formas *té e dé* debemos tomalas como castellanismos, en lugar de *estea e dea* (ou as comarcais (*es*)*teña e día*).

¹³² Na 1.^a *esperándole*.

¹³³ Argalleiro, enredante.

¹³⁴ Uso do tema de presente, *dec-*, polo de perfecto, *dix-*, fenómeno moi frecuente na fala comarcal.

¹³⁵ Na 1.^a *una*, que pode deberse a castellanismo ou a un intento de rexistrar a nasal de *unha*.

¹³⁶ Cast., por *crina* (ou a local *crinla*).

¹³⁷ Cast. popular en lugar da forma galega *ata*.

¹³⁸ Var. comarcal por *vendo*.

¹³⁹ Na 1.^a *Rapiela*.

¹⁴⁰ Na 1.^a *abrió*.

¹⁴¹ Var., por *levárono*, tamén utilizada na área galegoasturiana.

¹⁴² Na 1.^a *medo*.

¹⁴³ Fronte ao que ocorría cos verbos da terceira conxugación, nos en *-er*, a pesar deste caso, o autor inclínase máis polas formas en *-eu* (*volveu, coyeu, atreveu...*).

¹⁴⁴ Cast., por *Virxe*.

¹⁴⁵ Forma coloquial de *pobre*, empregada esta máis abaixo.

¹⁴⁶ Cast., por *sorte*.

¹⁴⁷ Na 1.^a *Sio*. Con esta solución, cabería pensar que a intención do autor puider ser *¡Si, ho!* *Si abriu...*

¹⁴⁸ Uso esporádico de *non* en posición átona, nas dúas edicións.

¹⁴⁹ Cast., por *o sangue*.

ábrese a porta i aparece Rapela¹⁵⁰ con un pañuelo¹⁵¹ na cara estornudando a grito pelado. Lola sentío que ye daba mal i quedou parada mirando pra el fantasma que tía delante.

—¡Ai, meu nenín, era meyor que Dios se acordara de Vd.! Sabe Dios como quedará del golpe; igual atolece¹⁵² pra sempre.

El aludido, sin quitar el pañuelo da cara, pos tía un catarro que nun gazneaba¹⁵³, mirou pra Lola i, dando media volta, meteuse dentro roñando pra si:

—Esta xa vai con el ala de a rastro¹⁵⁴. Tuturruntaina¹⁵⁵, tolete sin manga¹⁵⁶. Al carajo¹⁵⁷, abanico. Vou tomar fervido na cama i aí me las¹⁵⁸ den todas.

Ricardo nel bote aguantaba a risa que ye estallaba nas tripas.

Son pequenas historias dos marineiros¹⁵⁹ del Eo que quedan na memoria da xente.

2.4 [Chamábanye Antonón]

Chamábanye Antonón i sempre taba armando das súas; por cualquier¹⁶⁰ cosa¹⁶¹ zorregaba sopapos; aunque¹⁶² tamén el cobraba algúas. Tía mui mala fama. Tocouye ir á guerra contra os franceses i alí encheuse de sacudirlos i tamén lo coseron a baionetazos; pero tía a pel de un sapo i curaba aos poucos días. Tía más cicatrices que pelos na cabeza. El caso é que, como ser humano, chegouye a hora de morir i, como fora mui devoto de S. Bartolo i sempre el día da festa iba á misa i rezábaye, al morir, chamoulo pa¹⁶³ que lo recomendase a S. Pedro. Este recibíolo ben i pa contentarlo meteulo nel Cielo¹⁶⁴. Pasados úos días foi verlo S. Bartolo pa saber de el...

—¿Tás a gusto aquí?

¹⁵⁰ Na 1.^a *Rapiela*.

¹⁵¹ Cast., por *pano*.

¹⁵² Entolece, louquea.

¹⁵³ Garneaba, respiraba. A edición da Caridá incorpora unha corrección do autor sobre *gozneaba*, que figuraba na 1.^a

¹⁵⁴ Na 1.^a *arrastre*.

¹⁵⁵ Paiola. Quizais formación popular sobre as castelás *tontorrón e tontaina*.

¹⁵⁶ Sen goberno, sen solución (en sentido figurado).

¹⁵⁷ Cast., por *carallo*.

¹⁵⁸ Cast., por *mas*. As contraccións *mo, ma, cho, cha...* están presentes en todas as falas galegoasturianas, salvo nas dúas parroquias tixileiras, CI2 (véxase mapa).

¹⁵⁹ Contrasta esta forma híbrida coa utilizada no título da narración anterior.

¹⁶⁰ Cast., por *calquera*.

¹⁶¹ Cast., por *cousa*.

¹⁶² Cast., por *aínda que*.

¹⁶³ Forma coloquial en lugar de *p(a)ra*.

¹⁶⁴ Cast., por *Ceo* (ou a comarcal *Celo*).

—¡Vaia amigo que teño! —dixo Antonón—. Aquí, todos me abrazan i me chuchan¹⁶⁵, hai muito silencio, muita paz i música dulce i, claro, nun podo darúa trompada a naide. Esto nun foi feito pa min; eu quero barullo.

—Bueno, home, bueno... Vou levarte a outro sitio a ver si te encontras meyor —i meteulo nel Purgatorio.

Al cabo de úos días volveu verlo el Santo i Antonón, al verlo, acercóuseye i díxoye¹⁶⁶:

—¡Vaia sitio que me trouxiche¹⁶⁷! Aquí nun fain más que chorar i rezar i solo tein ganas de que los saquen. Si tán chorando e¹⁶⁸ poinse de rodillas¹⁶⁹ i estiran os brazos pedindo perdón, ¿a quen ye zorrego eu unha lafazada¹⁷⁰ que me tán pedindo as maus? Xa che dixen que eu quero un sitio unde haia¹⁷¹ juerga¹⁷² i os sopapos anden por el aire. Nun podo tar parado más tempo.

—Bueno..., ven connigo, que te vou levar a un sito¹⁷³ de muito¹⁷⁴ calor, i me parece¹⁷⁵ que lo vas pasar mui mal. Xa verás como te arreglas¹⁷⁶; nun me veñas pedindo más cambios¹⁷⁷ —i meteulo nel Infierno¹⁷⁸.

Pasados ocho¹⁷⁹ días, foi S. Bartolo visitarlo i, nada más abrir a porta del Infierno, oíu a voz de este dando gritos —«¡Cerrar a porta que fai corrente¹⁸⁰!»— i seguidamente us golpes i un estarabouzar¹⁸¹, que mesmo parecía que as paredes del Infierno caían a pedazos. Pasou pa dentro el Santo i viu a Antonón que tía agarrado por os cornos a un demo maior i dándoye¹⁸² con a cabeza contra un pote de ferro que taba nel lume colgado da gamayeira¹⁸³, decíalle¹⁸⁴:

¹⁶⁵ Bican, beixan.

¹⁶⁶ No orix., *dísoye*.

¹⁶⁷ Var. comarcal equivalente a *trouxeches*. Algunhas falas do galegoasturiano manteñen a vogal temática etimolóxica na segunda persoa dos perfectos fortes. O autor utiliza tamén *tuviche* por *estiveches*.

¹⁶⁸ Fronte á forma maioritaria *y*.

¹⁶⁹ Cast., por *xeonllos*.

¹⁷⁰ Var. de *labazada*.

¹⁷¹ Cast., por *haxa*.

¹⁷² Cast., por *pándega*, *xolda*, *polavila*...

¹⁷³ Véxase que, ademais de *sitio*, emprega a forma tradicional *sito*.

¹⁷⁴ Cast., por *muita*.

¹⁷⁵ Cast., por *paréceme*.

¹⁷⁶ Cast., por *amañas* ou equivalentes.

¹⁷⁷ Quizais un erro, por *cambios*. Pero tamén podemos pensar nunha substantivación partindo da forma de cortesía do imperativo.

¹⁷⁸ Cast., por *Inferno*.

¹⁷⁹ Cast., por *oito*.

¹⁸⁰ Cast., por *corrente*.

¹⁸¹ Rebumbio, barafunda, balbordo...

¹⁸² No orix., *deandolye*. A grafía «ly» é produto da vacilación ante os grafemas «ll» e «y».

¹⁸³ No orix., *gamalyeira*. Gramalleira, cadea de ferro para colgar na lareira os recipientes.

¹⁸⁴ *Lle* fronte ao *ye* maioritario.

—¡Tate quieto, coño¹⁸⁵! ¡Tate quieto, que te vou arreglar eu! Queimácheme nel cul i einda mandabas aos demos pequenos que me arrimasen un tizón aos oyo¹⁸⁶... Agora vas saber que[n] é Antonón i que conmigo¹⁸⁷ nun valen demos, nin grandes nin pequenos... ¡Toma!

I soltouye úa patada na barriga, que largou al demo nel medio del lume. I, volvéndose pa detrás, coyey a tres demos pequenos que taban queimándoye as cachas¹⁸⁸ con us ferros calentes i, agarrándolos por el rabo, deuyes tres voltas por el aire i chimpoulos núa caldeira de agua¹⁸⁹ fervendo.

—Aquí nun hai más demo que eu, Antonón. I el que nun teña¹⁹⁰ contento, que se vaia prá terra.

En esto, viu a S. Bartolo i, soltando grandes carcajadas, dixo:

—¡Esto xa é outra cousa! Aquí é verdá¹⁹¹ que lle zorregan a un; pero tamén las levan. En todo el día nun paro de sacudir aos demos. Queimar si que me queiman; pero douyes cada centellazo..., que los volvo tolos. Pásolo mui ben i mui entretenido¹⁹². Nun me saques de aquí... I xa podes volver pá iglesia¹⁹³ de Piñeira, que é o¹⁹⁴ tou sitio. I mira por os vicíos...; alíndalos¹⁹⁵.

Deu media volta i marchou¹⁹⁶ correndo detrás del demo maior, que acababa de salir del lume.

Hasta aquí la leyenda de Antonón tal como está escrita en un viejo pergamino del archivo parroquial.

2.5 El juego de brisca original de Antonón i outras cousas¹⁹⁷

Xa contei el ano pasado a afición que tía aos amarramentos Antonón i tamén lo que ye pasou al morir axudado por San Pedro. Pero nun yes contei as diversiois¹⁹⁸ cuando era mozo i einda nun fora pra a guerra. Antonón nacera en

¹⁸⁵ Cast., por *cona*, cunhas connotacións expresivas equivalentes a *caraina*, *carafio* e similares.

¹⁸⁶ No orix., *oyes*.

¹⁸⁷ Cast., por *comigo*.

¹⁸⁸ Nádegas.

¹⁸⁹ Var. que moitos falantes, por influencia castelá, priorizan ante *auga* e *augua*, usadas por Rosalía en *Cantares gallegos*.

¹⁹⁰ Aférese de (*es*)teña.

¹⁹¹ Var. coloquial de *verdade*.

¹⁹² Cast., por *entretido*.

¹⁹³ Cast., por *igrexas*.

¹⁹⁴ No orix., *eo*. Obsérvese que resulta esporádico o uso do artigo *o* (fronte ao maioritario *el*).

¹⁹⁵ Cóidaos, gárdaos.

¹⁹⁶ No orix., *marchoy*.

¹⁹⁷ Utilizamos a primeira versión impresa con pequenas correccións manuscritas feitas polo autor. Chama a atención o título híbrido de castelán e galego.

¹⁹⁸ Plural propio das falas do bloque oriental, por *diversións*; igual que *mirois*, que aparece máis abaixo. Na literatura, os plurais en *-ois* están amplamente documentados, desde os inicios do Rexurdimento, na obra de Fernández y Morales (2003: 279-297).

Castiñeirúa¹⁹⁹ i alí vivío hasta que lo chamaron pra coyer el fusil, que era lo que el quería. Menudas²⁰⁰ animaladas armou...; porque, a bruto, nun ye ganaba naide. Xa sendo novo, aló por os diecisiete²⁰¹ anos, era el más tolo del lugar i todos ye tían medo. Amarrábase por calquer²⁰² cousa i tanto ye daba que foran grandes ou pequenos, gordos ou flacos²⁰³, veyos ou novos. Todo ye valía pra sacudir centellazos. Claro que algú[a] vez tamén salía con un oyo a la funerala; pero eso eran cousas del oficio, decía el. Na súa casa eran labradores probes i tía que trabayar, pero pasábaye como a Fernandín de Serantes, que decía que tía mui bon corpo; pero, si traballaba, dolíanye os cadriles. A Antonón tamén ye dolían os cadriles i sempre taba esperando a noitía²⁰⁴ pra ir a úa taberna que había en Valín pra botar a partida de brisca con sou vecín Pepe del Molín. Levaban jugando²⁰⁵ todos os días xa fía la²⁰⁶ mar de tempo i conocíanse²⁰⁷ más que si foran ermaos²⁰⁸. A este nun ye pegaba porque ye aguantaba todo i, además, Pepe era froxo i pequeno i, si Antonón ye daba un soplamos²⁰⁹ un pouco terciado, el probe de Pepe salía por os aires ou quedaba descuajaringado²¹⁰ pra sempre.

Xugaban á brisca, que ten pouco que pensar. Miraba a la carta que acababa de coyer i era sabido que, si ye gustaba, cantaba entre dentes:

—Ai, Tomasa, que me abrasas.

Si a que coyía nun era buena rezaba por lo baxo:

—Tate por eí²¹¹, que xa me rascarás.

Tanto si perdía como si ganaba, tomaba un vaso de vino.

Falaba con as cartas i guiñábayes²¹² os oynos como si foran mozas solteiras. Si la carta era mui mala decía:

—É boa cría, si dera leite.

¹⁹⁹ No orix., *Castiñeurúa*.

²⁰⁰ Cast., por *miúdas*.

²⁰¹ Cast., por *dezasete*.

²⁰² Cast., por *calquera*.

²⁰³ Cast., por *fracos*.

²⁰⁴ Var. asturnegueiresa equivalente a *noitiña*. O sufixo *-ía*, o mesmo que *-iña*, resulta de moito rendemento literario (Conde 2000).

²⁰⁵ Cast., por *xogando*.

²⁰⁶ Cast., por *a*, xa usado na mesma expresión por Rosalía de Castro (1880: 170). Nesta narración encontramos outros casos en *la funerala, la carta...*

²⁰⁷ Cast., por *coñecíanse*.

²⁰⁸ Var. de *irmaos*, forma galega centrooriental en lugar de *irmáns*.

²⁰⁹ Cast., por *sopramocos*.

²¹⁰ Cast., por *descomposto, escacharrado, estragado* e similares.

²¹¹ Var. de *aí*.

²¹² Cast., por *chiscáballes*.

Si era mui buena²¹³, comentaba soltando un guiño²¹⁴ picaresco:

—Chúchame nel cul que vou pra Brul –i arrastraba de triunfo.

Úa noite que taba xugando a partida cantou²¹⁵ as cuarenta²¹⁶. Pepe del Molín mirou pra Antonón i espetouye:

—Eso si que é raro.

—Que é lo que é raro –preguntou Antonón.

—Coño, eu sempre pensei que pra cantar as cuarenta hai que tener²¹⁷ el rei i el caballo.

—Pois claro que hai que terlos, pero nun fai falta que señañ²¹⁸ del mismo palo; basta que teñas un caballo i un rei do²¹⁹ que sea.

Pepe mirou estrañado i calou.

—Entonces vouche cantar eu outras cuarenta; porque teño el rei de espadas i el caballo de bastos –dixo Pepe.

Antonón nun dixo nada i desde entonces cantaban en falso i cantaban o que yes daba a gana. Ganaba el que más veces cantaba i así foron jugando desde aquel día. A brisca xa nun era brisca, era úa toleiría. Cada un cantaba cuando ye daba a gana i todo valía. Os mirois que se deron cuenta del xuego²²⁰ novo inventado por Antonón, primeiro taban calados, despois botaban a rirse i como a risa nun ye gustaba a Antonón porque lo tomaba a burla, úa noite pegou un brinco del tayolo²²¹ en que taba sentado i, soltando as cartas, berrou:

—De min nun se ri naide i delante de min tampouco...

I a dous mirois que taban más cerca soltouyes con dúas maus úas narniadas²²² que yes²²³ fexo²²⁴ caier de focicos²²⁵ i botar a correr antes de que caiese outra lafazada.

Desde aquel día naide se acercaba a mirar i Antonón i Pepe del Molín xugaban á súa maneira²²⁶ cantando o que yes daba a gana, i el que máis cantaba ganaba a partida bebendo el vaso de vino sin costarye nada. El taberneiro, que

²¹³ Contrástese este cast. coa forma galega *boa*, utilizada anteriormente.

²¹⁴ Cast., por *chisca*, *chiscadela*...

²¹⁵ O autor introduce *ou* manuscrito sobre unha forma impresa.

²¹⁶ Var. de *corenta*.

²¹⁷ Cast., por *ter*.

²¹⁸ Var. de *sexan*. Véxase tamén a continuación a forma *sea*.

²¹⁹ Corrección manuscrita sobre *de*.

²²⁰ Cast., por *xogo*.

²²¹ Tallo, banqueteta.

²²² Labazadas, lapadas.

²²³ No orix., *xes*.

²²⁴ Var. de *fixo*.

²²⁵ Var. de *fociños*.

²²⁶ Cast., por *maneira*, *xeito*...

era un caguitas²²⁷ i tñaye más medo a Antón que a un lobo núa noite de inverno, nunca se atreveu a cobrar os vasos de vino que servía i, dous anos despois, os franceses que pasaron por Piñeira bebéronye todo el vino i fusiláronlo por esconderlo nel desván envolto en herba seca. Antonón andaba por Castilla²²⁸ fendo das súas, que era matar franceses.

Había un suceso que Antonón calaba i que solo lo sabían us poucos. Fora antes de chamar a súa quinta. Aló por el ano 1802, sendo rapaz, mandouye sou padre buscar leña pra a cocía²²⁹. Era nel inverno, caiera úa nevada que cubrira casas, prados i montes; porque naqueles tempos nevaba más que agora i fía mui más frío. Os lobos nun andaban mui lonxe porque de noite oíanse²³⁰ os aullidos²³¹. Salío Antón con a burra, pero cuidou ben de levar debaixo da zamarra un cuchillo²³² da matanza, por si acaso. Chegou al monte i amarrou a corda del cabeceiro nun pino²³³, deixando que a burra pacese mentras buscaba a leña.

Cuando más enfaenado taba nel sou trabayo, ouíu que el animal berraba con úa voz rara como si se afogase. Nun fixo caso, pero lougo²³⁴ úa idea pasou por a súa cabeza i salío correndo pra unde deixara a burra. Cando²³⁵ entre os pinos puido ver, a sangre xelouseye nas venas²³⁶. Dous lobos taban devorando a burra. A presenza²³⁷ da burra morta i ensangrentada encendeuye a sangre i Antonón, como un tolo, clavou²³⁸ el cuchillo na barriga de un lobo i, sin esperar sacarlo, atortorou²³⁹ con as maos el pescozo del outro lobo i, despois de mui to trabayo i escrocarye²⁴⁰ el focico afogándolo contra os brazos, fíxoye tumbarse i quedou med[i]o morto. Como Antonón quería-lo vivo, púxoye de freno²⁴¹ na boca un lazo corredizo con a corda da burra morta, amarrouye ben el pescozo, apareyouye a albarda apretando ben a cincha²⁴² i cargouye a leña que iba levar a burra. El lobo, al volver en si, reculaba, bufaba, negábase [a] andar i nun podía con el sin fer caso dos mandatos de Antonón.

—¡Conque matácheme a burra i agora nun ques levar a carga da leña...!
¡Xúrote²⁴³ por Dios que vas a obedecer si nun é por as buenas vai ser por as malas...!

²²⁷ Cast., por *cagado*, *cagainas*, *caguelo*...

²²⁸ Cast., por *Castela*.

²²⁹ Var. de *cociña*.

²³⁰ Corrixido sobre outra forma impresa.

²³¹ Cast., por *ouidos*, *ouleos*, *ouveos*.

²³² Cast., por *coitelo*.

²³³ Var. de *piñeiro*.

²³⁴ Var. asturnegueiresa por *logo*. De igual xeito, *llougo*.

²³⁵ Repárese na alternancia de *cuando* e *cando*.

²³⁶ Cast., por *veas*.

²³⁷ Forma popular en lugar de *presenza*.

²³⁸ Cast., por *cravou*.

²³⁹ Comprimiu, apertou con forza.

²⁴⁰ Desnarigarlle, esmagarlle.

²⁴¹ Cast., por *freno*.

²⁴² Correa, corda ou faixa estreita que abrangue a barriga do animal para asegurar o aparello.

²⁴³ Por *xúroche*. Uso incorrecto de *te*, teísmo.

Coyeu úa estaca i a cada paso que el lobo daba pra tras, estacazo que ye caía. Tiraba del cordel como un condenado, pero a estaca ablandouye os ánimos i por fin amansou i os golpes fixéronlo cuerdo²⁴⁴. Muitos levou, pero tamén tein muito aguante. Xa un tanto calmado, levoulo por el ronzal i así entraron nel pueblo²⁴⁵ i chegaron á casa, asustados os vecíos de ver o que veían²⁴⁶. Os cais²⁴⁷, que lo oliron²⁴⁸, saliron todos detrás i armouse úa festa de ladridos, que alí nin se podía falar ni oír nada. Descargoulo da leña i, como os cais nun calabán, os vecíos tampouco querían aquel vecín, Antonón chamoulos i, dándoyes el lobo, díxoyes:

—Ese é pra vosoutros, el outro xa quedou morto nel monte. Fede²⁴⁹ de el un pandeiro.

Un vecín que era cazador tirouye dous balazos i aqueles lobos nun mataron máis burras na súa vida. De esto Antonón nun quería falar, aunque todos lo sabían, pero era recordado como úa hazaña²⁵⁰ que solo Antonón era capaz de fer.

2.6 A noite da garfella²⁵¹

A Octavio, el gaitero de «Los Penácaros»²⁵², al que leí este suceso hace veinticinco años y hasta hoy no ve la luz pública».

En las proximidades de Boal tuve amores. Era la moza garrida y galana, guapa como la primera y bien plantada. Llamaba la atención. La conocí en la feria de Boal, en el paseo final que en tal día se organizaba. Su padre anduviera por las Américas y al regreso casó con moza rica en tierras, de donde se vino a juntar los pesos de él y la casería de ella.

La casa, palacio de los Trastamaras, era maciza y señorial, con su torre y escudo, jardín fronterizo y, más allá, huertas, prados y montes. Estaba en el camino real, a un tiro de piedra de la principal. De este matrimonio nació Rosaura, sobre la que convergieron mimos, atenciones y regalos. Si bien en un principio la enviaron a la capital a educarse, pronto lloraron su falta y la trajeron a la casona para acompañar a los padres, que sin ella no vivían.

Los jueves y domingos iba a verla, recorriendo por cañadas y veredas la hora larga de camino que nos separaba. ¡Oh tiempos aquellos de mis veinte años, qué lejos quedáis!

²⁴⁴ Cast., por *cordo*.

²⁴⁵ Cast., por *lugar*.

²⁴⁶ Cast., por *vían*.

²⁴⁷ Forma propia das falas do bloque oriental, por *cans*.

²⁴⁸ Cast., por *uliron*.

²⁴⁹ Var. de *face*.

²⁵⁰ Cast., por *fazaña* ou similar.

²⁵¹ No orixinal figura o título en cursiva encerrado entre comiñas.

²⁵² Para coñecer máis de Octavio e do seu labor musical, vid. Suárez 2006b: 154-156.

¡Qué importaba para un mozo enamorado los fríos, las lluvias y el viento, el caminar a deshora!

No olvidaré jamás las horas pasadas en la cocina aquella, conventual y espaciosa como una plaza, de grandes armarios y vasares, de monumental campana, bajo la cual ardían viejos troncos de encina y a cuyo calor me acunaba oyendo afuera el rugir del viento y el batir de la lluvia.

María, la anciana sirvienta, contaba cuentos de trasnos y brujas con patetismo de sibila y el candil de acetileno, con su vacilante luz, ponía un fondo misterioso y fantasmal. La imaginación de Rosaura volaba ora por regiones de ensueño, ora por tinieblas de terror, suspirando dolorida por los males que pudieran acaecerme en la soledad de la noche.

Tres días hacía que llovía sin cesar. El vendaval convertía la lluvia en cortina cegadora y los árboles se encorvaban y gemían por la furia del huracán. Tierras y caminos eran un mar de agua y la naturaleza entera, gemibunda, oía su voz en la soledad de los campos y montes. Era un mundo muerto, sepultado por el agua y arrastrado por el ciclón.

Desoyendo consejos y apartando prevenciones, fui al lado de Rosaura. La voz de María suena aún en mis oídos.

—¡Ay, *probín!*²⁵³ Salir en esta noche es tentar a Dios. Mira como viene, empapado de agua y barro. En noches así anda el diablo suelto. ¡Es tentar a Dios..., es tentar a Dios!²⁵⁴

Los ojos de Rosaura, turbios de emoción y lágrimas, me hablaban de amor y paz y su mirar compensaba mis quebrantos. Fue, sobre todas, una velada feliz. El viento aullaba en la chimenea, revolviendo humo y ceniza. María dormitaba en una banqueta al calor de los leños, teniendo a sus pies al mastín cancerbero del hogar. Los ramalazos de la lluvia se estrellaban en los cristales con monótono repiqueteo. Respaldado en el vasar y sobre el escaño viví horas felices contemplando las llamas y el crepitar de los troncos.

Rosaura sollozaba al verme partir. En verdad que la noche encogía el ánimo. La tempestad seguía en todo su furor. Enfundado en el impermeable me lancé a la boca de la noche. El fragor del temporal estremecía al más valiente. Los caminos eran ríos y los bosques gemían como alma en pena. La negrura de la noche era como pozo sin fondo. Al saltar un charco sentí un golpe en la espalda. Miré y no vi nada. Un escalofrío recorrió mi cuerpo. Las palabras de María martillaban mis oídos: «¡En noches así anda el diablo suelto! ¡Es tentar a Dios..., es tentar a Dios!».

²⁵³ As cursivas son nosas.

²⁵⁴ Sabemos que Fidalgo publicou dous textos que non citamos na relación, «Un ayer muy lejano del Franco» e «Es tentar a Dios», dos cales nos foi imposible acceder aos orixinais. Quizais couber a posibilidade de que o segundo tivera que ver con esta narración que ofrecemos.

Mi caminar se convirtió en carrera y las llamadas en la espalda se sucedían a intervalos, unas veces más suaves y otras más fuertes, como si una mano invisible llamara mi atención. Si en los comienzos volví la vista atrás, después ya no pude y corría y corría alocado, chapoteando en el agua y calado hasta los huesos.

Sólo recuerdo que, aturdido y sin aliento, entré en mi casa y encendí la luz. Estaba solo. Miré atrás y no había nadie. Mi cerebro coordinó sus pensamientos y pensé que era un sueño. El miedo fue quien me hizo vivir la pesadilla, no podía ser otra cosa. «Fue el miedo, sí, fue el miedo», me decía. ¿Quién me iba a golpear en la espalda?

Convencido de ello, encendí un cigarrillo y, agotado, me dejé caer en una silla.

En este instante un golpe secó sonó en mis espaldas. Sin saber cómo, me encontré en el extremo opuesto de la estancia, empuñando la escopeta de caza y haciendo frente al enemigo misterioso. Crispado, apreté los gatillos.

En el suelo, y todavía valanceándose, pude contemplar una *garfella* –garfilla–, que indudablemente pertenecía a la cocina de Rosaura y que yo había traído colgada del cuello del impermeable, dándome los golpes en mi carrera desenfrenada.

Desde entonces, a las noches tempestuosas se les llama **noites da garfella**.

2.7 [As dúas riquezas]

REPARTO

<i>Inés</i>	La tía Pepa
<i>Lorenza</i>	Juanita
<i>Pardo M.</i>	Antón
<i>Ónega Llanes</i>	Bonifacio
<i>Vázquez Paredes</i>	Isidro

La acción, en una casa de labradores, en la cocina. Época actual.

Al levantarse el telón estarán en escena la TÍA PEPA, mujer aldeana, y JUANITA, hija suya, ya moza; las cuales vestirán al uso del pueblo: pañuelo a la cabeza, la primera amarrado sobre la misma y la segunda debajo de la barba; las dos con madreñas en los pies, con los llamados escarpíos²⁵⁵. En el pecho y sobre la falda, la toquilla, atravesada como se usa ordinariamente. Ambas llevarán mandil.

PEPA, sentada junto al fuego, le soplará de vez en cuando y revolverá en la olla y en los intervalos mondará patatas. JUANITA estará en un banco, no muy lejos, calcetando.

²⁵⁵ Calcetíns de la grosa, escarpíños, escarpíns.

- PEPA: Pois o²⁵⁶ que che digo i che repito... Éche que Bonifacio é un bocado ben bon; ¡ai é, ho! Pos mira tu que vir de América despós de tar alló diecioito²⁵⁷ anos... Éche que vén ben forrao²⁵⁸; ¿nun che parece?
- JUANITA: Home, xaora. Eso penso eo²⁵⁹, pois ademais os relojes de oro²⁶⁰ i os anillos²⁶¹ nun se compran con dous perrois²⁶²...
- PEPA: Pos mira, tu nun seas boba i xa que parece que nun ye disgustas i che fai festas..., aprovéchate²⁶³, porque este mundo éche pra os vivos i pra os aproveitados.
- JUANITA: Home, nun diga tolluras; ¿i el probe Antón?
